

## **Modificacións da P. D. da materia de ADESTRAMENTO AUDITIVO**

---

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de ADESTRAMENTO AUDITIVO para o curso 2019-20:

### I. CURSO 6º DE GRAO PROFESIONAL

No Caso do 6º curso de adestramento auditivo non existe a posibilidade de trasladar obxectivos e contidos ao curso seguinte xa que se trata de final do grao profesional.

#### ▪ MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación (trasladados da programación didáctica) van a ser os seguintes:

- Identificación auditiva de todo tipo de intervalos tanto melódicos coma harmónicos.
- Identificación de todo tipo de acordes e progresións harmónicas identificando a inversión de cada un deles.
- Realización vocal de fragmentos melódicos de todo tipo.
- Entoación vocal e co instrumento de todo tipo de intervalos harmónicos sobre una estrutura dada.
- Transcrición escrita de fragmentos melódicos, harmónicos, e pequenas pezas.

#### ▪ MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles (trasladados da programación didáctica) para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os seguintes:

- Recoñecer a través do oído tódolos acordes consoantes, sétima de dominante, sétima diminuída.
  - Recoñecer a través do oído todas as cadencias.
  - Recoñecer a través do oído as escalas máis importantes da música tonal e modal.
  - Recoñecer a través do oído as progresións básicas da música tonal.
  - Entoar correctamente os acordes e escalas citados anteriormente.
- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN
    - A avaliación será continua e reflectirá o resultado da realización de exercicios tratados no curso, a participación e actitude nas clases ata a finalización do segundo trimestre. A nota do alumnado na materia de adestramento auditivo de 6º curso será igual á acadada no segundo trimestre non minorándose en ningún caso.
    - Dita nota podería verse incrementada como máximo en un (1) punto en función da evolución neste terceiro trimestre.
  - MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
    - A cualificación final será a media dos dous primeiros trimestres.
    - Non existe ningún criterio que deba de ser eliminado da cualificación.
  - MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

- Tal e como está indicado na programación o alumnado nesta situación realizará unha proba obxectiva.
  - Dita proba estará adaptada para ser realizada de xeito telemático. Os contidos serán os referidos á primeira e segunda avaliación, que poden ser consultados na programación da materia publicada na páxina web do Centro <https://www.conservatoriosantiago.gal/>
- **PROCEDIMENTO DE RECUPERACIÓN DA PRIMEIRA E SEGUNDA AVALIACIÓN**
    - O alumnado que non teña superada a primeira e/ou a segunda avaliación terá que realizar unha proba telemática.
    - A súa avaliación e cualificación será realizada seguindo os criterios que constan na programación oficial da materia.